

C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira

# PLAN DE CONVIVENCIA







# ÍNDICE

<b>1.-</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>9</b>
<b>2.-</b>	<b>NORMATIVA EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR</b>	<b>10</b>
<b>3.-</b>	<b>A ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO</b>	<b>11</b>
	<b>3.1.- ANÁLISE CONCEPTUAL</b>	<b>11</b>
	<b>3.2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL NOS DIFERENTES CONTEXTOS</b>	<b>11</b>
	<b>3.3.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO</b>	<b>12</b>
	<b>3.4.- NECESIDADES DETECTADAS</b>	<b>13</b>
<b>4.-</b>	<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA</b>	<b>13</b>
	– OBXECTIVOS XERAIS	<b>13</b>
	– OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<b>14</b>
<b>5.-</b>	<b>PLAN DE ACTUACIÓN</b>	<b>15</b>
	<b>5.1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>15</b>
	<b>5.2.- ACCIÓNS QUE SE LEVARÁN A CABO</b>	<b>15</b>
	<b>5.3.- INTERVENCIÓNS: PREVENCIÓN E MELLORA</b>	<b>21</b>
<b>6.-</b>	<b>CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN</b>	<b>28</b>
<b>7.-</b>	<b>PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR</b>	<b>30</b>
<b>8.-</b>	<b>NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO</b>	<b>30</b>
	<b>8.1.- NORMAS XERAIS PARA O ALUMNADO</b>	<b>30</b>
	<b>8.2.- DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES</b>	<b>32</b>



8.2.1.- DEREITOS	32
8.2.2.- DEBERES	32
8.3.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO	33
8.3.1.- DEREITOS	33
8.3.2.- DEBERES	33
8.4.- DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO	34
8.4.1.- DEREITOS	34
8.4.2.- DEBERES	35
8.5.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	35
8.5.1.- DEREITOS	35
8.5.2.- DEBERES	36
8.6.- PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN OU AO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.	36
<b>9.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS</b>	<b>37</b>
9.1.- CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	37
9.2.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	38
9.2.1.- MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS	39
9.2.1.1.- A proposta de cambio de centro	39
9.2.2.- APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS	40
9.3.- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	40
9.3.1.- MEDIDAS CORRECTORAS	41
9.3.2.- RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS	41
9.3.3.- SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS	42
<b>10.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA</b>	<b>42</b>
10.1.- COMPOSICIÓN	42



10.2.- FUNCIONES	43
10.3.- FUNCIONAMIENTO E PLAN DE REUNIONES	44
11.- TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	44
12.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.	47
13.- ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	48
14.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	49
15.- ANEXOS:	50
• PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR	
• PARTE DE INCIDENCIAS	







*Se unha nena ou neno vive criticada/o, aprende a criticar;*

*Se unha nena ou neno vive con hostilidade, aprende a pelexar;*

*Se unha nena ou neno vive con tolerancia, aprende a ser tolerante;*

*Se unha nena ou neno vive apreciada/o, aprende a apreciar;*

*Se unha nena ou neno vive con equidade, aprender a ser xusta/o;*

*Se unha nena ou neno vive con aprobación, aprende a se querer;*

*Se unha nena ou neno vive con aceptación e amizade, aprende a atopar  
amor no mundo.*







A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da Comunidade Educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a Comunidade Educativa.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo algúns conflitos esporádicos, que se resolven fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor .

A comisión de convivencia non se formou por necesidade de intervención senón como prevención e observación dos comportamentos individuais e en grupo de toda a Comunidade Educativa.

A necesidade de Planificar a convivencia no noso centro, non é ningunha novidade, pois xa, na Programación Xeral Anual se lle concede sempre especial atención á participación na vida do Centro do alumnado e das súas familias.

No Proxecto Educativo incluíse entre as notas de identidade do Colexio a práctica do pluralismo, dos valores democráticas e da convivencia baseada no coñecemento e respecto das normas.

O Plan de Acción Titorial e o Plan de Atención á Diversidade están orientados particularmente á non exclusión (inclusión) do alumnado.



Dende as titorías, Xefatura de Estudos e/ou Departamento de Orientación contémpanse aqueles casos de alumnas/alumnos que non rematan as tarefas con frecuencia e tamén se leva a cabo o seguimento de casos puntuais de alumnado con perfil de absentismo.

Nas Programacións de Aula de cada área se traballan e se avalían os contidos relativos a actitudes, valores e normas.

Na Organización Administrativa do centro é unha tónica xeral o contacto permanente coas familias para proporcionarlles toda a información, axuda e flexibilidade horaria que precisen.

## **2.- NORMATIVA EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR:**

- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE)
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOE-LOMCE)
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da Comunidade Educativa
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.



- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal
- Real Decreto 1720/2007, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### **3.- A ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.**

As características do noso centro e da contorna en que se sitúa atópanse recollidas no P.E. do C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira.

A convivencia, así como, a Educación é unha tarefa común de toda a comunidade. Só coa colaboración conseguiremos unha comunidade educadora na que todos participemos e compartamos responsabilidades, proxectos, obxectivos e éxitos.

#### **3.1.- ANÁLISE CONCEPTUAL.**

Da observación diaria e das entrevistas mantidas cas nais/pais, constatamos dous tipos de educación familiar extrema: a sobreprotección e o deixar facer sen ningún tipo de intervención. Topamos con frecuencia con nenos/as que carecen de límites e é no Colexio onde se levará a cabo este proceso socializador.

Os centros debemos intentar dar unha resposta a esta demanda e polo que consideramos que é necesario un PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA para o noso Colexio.



### 3.2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL NOS DIFERENTES CONTEXTOS:

- **Contexto familiar.**
- **Contexto escolar** (entre profesorado, entre alumnado e entre profesorado-alumnado).

Na análise da situación actual conclúese o seguinte:

- O clima de convivencia do noso centro é bo, tanto nas aulas como nos espazos de lecer.
- Os conflitos entre o alumnado son de pouca relevancia e as familias, en xeral, manteñen unha boa relación co centro, tentando resolver as súas diferenzas no eido do diálogo e a colaboración mutua, tanto co Equipo Directivo, titoras ou titores ou Departamento de Orientación.
- O profesorado manifesta que o comportamento do noso alumando é, normalmente, bo e respectuoso. Atópanse a gusto no centro.

As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver co alumnado que amosa pouco interese, que non traballa, que non trae o material necesario, que non amosa atención ou/e distrae ás súas compañeiras/compañeiros, interrompendo a marcha normal da clase.

O clima das aulas tamén é normal sen que elo implique a ausencia ocasional de disrupcións ou de mal comportamento individual ou de grupo.

Os **actos de indisciplina** (insultos, malas contestacións, falta de respecto...) son pouco abundantes. A agresión verbal, entre o alumnado, é o problema de convivencia do que con máis frecuencia se queixan as nenas e nenos e as nais e pais ao profesorado.

Os **actos de vandalismo** e os danos materiais nas instalacións do centro son practicamente inexistentes.

Non se aprecia violencia de ningún xénero no centro.

O reparto das áreas de recreo, de campos de xogo contribúen no bo trato entre iguais.

O **absentismo** salvo algún caso illado, non presenta casos graves.

### 3.3.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO.



Ata o momento da elaboración deste Plan de Convivencia as accións levadas a cabo na resolución de conflitos tiveron un carácter puntual, atendendo aos criterios das N.O.F.C. (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia), e aplicándoo cando foi preciso.

Realizáronse as seguintes actividades:

- Implementación, a nivel titorial mediante técnicas de modificación de conduta, de dinámicas de grupo, análise e autocoñecemento da propia aula, protocolos de actuación ante condutas disruptivas, programa de habilidades sociais..., entre outras, cando xurde algún conflito ou algunha situación de desvantaxe nas relacións sociais do devandito grupo. Desta maneira leváronse a cabo algunhas actuacións individuais que contribuíron ao desenvolvemento da boa convivencia do centro.
- Programa de Habilidades Sociais. Impartido polo Departamento de Orientación e as titoras e titores.
- Programas de Educación Emocional. Levados a cabo en Educación Infantil.
- Todas as celebracións cíclicas que se fan dende os distintos Equipos (Día da Paz, Samaín, Magosto, Entroido...) programan actividades onde se traballen valores como a xustiza, a cooperación, a solidariedade, o desenvolvemento da autonomía persoal e a toma de decisións, etc.
- Relacións constantes cos Servizos Sociais do Concello, ONGs.

### **3.4.- NECESIDADES DETECTADAS.**

O profesorado en xeral, fai unha valoración positiva do clima de convivencia no centro e non se observan problemas graves na convivencia diaria entre os membros da Comunidade Educativa (alumnado, nais/pais, profesorado).

As nais/pais do alumnado, coinciden en que as relacións coa Comunidade Educativa son boas.

Os conflitos que se dan con maior frecuencia, segundo a perspectiva dalgunhas nais/pais, son as agresións verbais entre o alumnado.

O alumnado amosa bo clima de convivencia en xeral, salvo casos puntuais de problemas comportamentais con compañeiras/os ou co profesorado.



## 4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes **obxectivos xerais**:

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a Comunidade Educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, ciberacoso, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Tamén deberá contribuír á consecución dos seguintes **obxectivos específicos** en relación cos docentes, alumnado e familias:

**Docentes:**





1. Establecer procedimientos que posibiliten a resolución de conflitos de forma non violenta.
2. Dotar de ferramentas para a detección, abordaxe e resolución de conflitos de convivencia.
3. Clarificar as vías de actuación que permitan resolver, derivar ou notificar posibles situacións conflitivas e/ou de risco que se detecten.
4. Coñecer as normas xerais de convivencia do Centro e as medidas correctoras.

**Alumnado:**

1. Sensibilizalo sobre o seu papel no recoñecemento, evitación e control de conflitos.
2. Desenvolver habilidades persoais de autoprotección e habilidades para a resolución de conflitos, habilidades sociais.
3. Coñecer as normas xerais de convivencia do Centro e medidas correctoras.

**Familias:**

1. Sensibilizalas sobre a importancia de previr condutas violentas.
2. Dotalas de ferramentas para detectar a implicación dos seus fillos/as en conflitos e ofrecerlle pautas de actuación.
3. Favorecer a reflexión sobre a importancia do estilo de interacción familiar.
4. Fomentar a súa colaboración de cara á detección de conflitos en diferentes espazos.
5. Coñecer os recursos existentes no entorno.
6. Coñecer as normas xerais de convivencia do Centro e as medidas correctoras.

## 5.- PLAN DE ACTUACIÓN.

Unha vez analizada a situación actual da convivencia no noso centro as actuacións sobre as que versará este Plan de Convivencia centraranse fundamentalmente na **PREVENCIÓN**, pero tamén na

**INTERVENCIÓN** propiamente dita, cando xurdan os conflitos.

Establecemos a continuación o Plan de Actuación a través dos obxectivos que nos propoñemos, accións que se levarán a cabo, protocolos de intervención, temporalización e recursos que se empregarán.

### 5.1. OBXECTIVOS:



- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación ao novo centro.
- Fomentar a implicación das familias.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- Previr os conflitos.
- Procurar a autoestima profesional do profesorado.
- Aproveitar as diversas situacións que se producen no curso escolar para que o centro sexa un espazo de paz, respecto, diálogo, aberto ao entorno.

## **5.2. ACCIÓNS QUE SE LEVARÁN A CABO:**

### **TITORÍAS E CLIMA DE CLASE POSITIVO.**

O mantemento dun clima de clase positivo é un requisito previo e necesario para previr os problemas de convivencia escolar que poidan xurdir. Este clima positivo basearase nos seguintes aspectos:

- Axuda entre compañeiras/os.
- Colaboración nas tarefas de aprendizaxe.
- Respecto mutuo.
- Diálogo como base para a resolución de problemas.
- Actitude tolerante ante os compañeiras/os.
- Manter actitudes de solidariedade e axuda.

Todo o anterior se pode conseguir cando se dan unha serie de premisas fundamentais:

- A existencia dunha boa organización da aula e do centro cunhas normas claras e co coñecemento das consecuencias que tería o incumprimento de ditas normas mellorando o coñecemento interpersoal do alumnado.
- Programa de educación emocional e resolución de conflitos.
- Fomentando das boas relacións interpersonais a nivel de aula: alumna/o-alumna/o e mestra/e -alumna/o, dende a base do respecto mutuo as diferencias e as distintas capacidades ou limitacións.
- Pescuda de espazos e tempos para a convivencia entre o alumnado, especialmente mediante as actividades complementarias e extraescolares, as sesións de titoría, os tempos de recreo, as conmemoracións festivas...



## **POTENCIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.**

- Potenciar a figura da profesora titora e profesor titor como mediador das relacións alumna/o-alumna/o, alumna/a-profesora/profesor, centro-familia...
- Buscar espazos e tempos para a coordinación titora/titor-equipo docente, titora/titor-profesorado de apoio, titora/titor-orientadora/orientador- equipo directivo.
- Revisar o Plan de Acción Titorial, adaptándose ás necesidades do alumnado pero tamén do profesorado (Programas de Acollida, actividades de principio de curso: avaliación inicial, revisión de expedientes, preparación comezo de curso, Programación Xeral Anual,...)

## **IMPLICACIÓN DOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

- Implicación das familias na Convivencia, especialmente a través da colaboración coas asociacións de nais e pais, tendo en conta que unha/un representante das nais/pais forma parte do Comisión de Convivencia.
- Colaboración do Departamento de Orientación na Orientación Familiar, como un instrumento de asesoramento e formación sistemático e accesible ás familias, con actuacións como:
  - ✓ Colaboración na acollida inicial ás familias.
  - ✓ Asesoramento individualizado ás familias sempre que o soliciten.
  - ✓ Mediación familia-escola.
  - ✓ Apoio nas entrevistas familia-titoras/titores, P.T. e A.L.
  - ✓ Reunións periódicas cos Servizos Sociais do Concello, nos casos de desamparo, negligencia e malos tratos no entorno familiar, así como cando existan casos máis graves de absentismo.
  - ✓ Coordinación nas actuacións levadas a cabo dentro de cada grupo clase, por parte das titoras/titores, P.T. e A.L., dentro da atención á diversidade, tendo en conta os criterios establecidos dende o Departamento de Orientación, e informando trimestralmente ao Consello Escolar da situación de convivencia no centro.

## **APLICACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA**



Segundo o art. 124 da LOMCE, "os centros docentes elaborarán as súas normas de organización e funcionamento, que deberán incluír as que garantan o cumprimento do plan de convivencia", e sen prexuízo do establecido nas N.O.F.C., neste documento figurarán as normas básicas para que se dean as condicións que permitan o correcto desenvolvemento da vida no centro educativo e do proceso de ensino-aprendizaxe e sexa posible, na medida en que estas normas poidan ser cumpridas polo maior número de alumnas/os, achegarnos ao éxito académico e desenvolver a capacidade para relacionarnos, pertencer e integrarnos en grupos humanos.

Para corrixir aquelas condutas contrarias á convivencia pacífica e democrática no centro, aplicaranse as consecuencias derivadas do non cumprimento das mesmas establecidas nas N.O.F.C. do centro.

### **A ORIENTACIÓN INDIVIDUALIZADA.**

Debemos crear climas de confianza, seguridade, comprensión, recoñecemento, tranquilidade, sensación de triunfo, sentimento de autoeficacia, e boa autoestima que **faciliten a aprendizaxe** nos nenos/as.

A **intervención individualizada** da orientadora ou orientador, no tratamento de alumnas/os con problemas escolares de base emocional, e a posible **orientación familiar**, son cruciais para conseguir avances a nivel académico.

### **ESPAZO DE CONVIVENCIA/AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

**O obxectivo da aula de Convivencia é converterse nunha alternativa á expulsión do centro para aquelas alumnas e alumnos sancionados con esta medida.** Por iso preténdese favorecer un proceso de reflexión, por parte de cada alumna ou alumno que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela. O obxectivo prioritario sería, pois, que as alumnas e alumnos comprendan o alcance para si mesmos e para os demais das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a facerse cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais. Este proceso aumenta as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol, á vez que lles proporciona un espazo para a análise das súas propias experiencias e a procura dunha resolución efectiva dos conflitos interpersoais.



Segundo o **DECRETO 8/2015 do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de convivencia escolar, o Plan de Convivencia incluírá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

- a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que a tales efectos poidan ser establecidos pola comisión de coordinación pedagóxica.

A aula de Convivencia é un espazo educativo onde o alumnado poderá acudir exclusivamente cando se vexa privado do seu dereito para participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria.

Para derivar unha alumna ou alumno á Aula de Convivencia, deberá considerarse se con esta medida se van alcanzar os obxectivos establecidos neste Plan de Convivencia.

Ademais deberían darse as seguintes circunstancias:

- Ser reincidente na súa actitude e conduta contra as normas de convivencia.
- Subscribir un Compromiso de Convivencia que implique directamente traballar algún da obxectivos da aula.
- Presentar deficiencias na súa autoestima, autocontrol, relacións persoais, disposición cara ás tarefas escolares ou integración escolar e/ou social.
- A expulsión non favorecería a corrección da conduta e non é percibida pola alumna ou alumno como un castigo.
- A atención na aula de Convivencia pode mellorar a súa actitude e sen esta atención non se garante que se manteña o seu proceso educativo.

- b) Profesorado que atenderá educativamente na aula de convivencia inclusiva.

O profesorado de garda será o encargado de atender ao alumnado na aula de convivencia inclusiva coa colaboración do Departamento de Orientación. Correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

- c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido



na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e conductas positivas para a convivencia.

- d) Horario, localización, instalacións e material didáctico co que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A aula de convivencia estará dispoñible durante o horario lectivo e localizarase nunha pequeno espazo situada nas dependencias do Departamento de Orientación.

A orientadora ou orientador do centro facilitará o material didáctico necesario para traballar os diferentes obxectivos da aula e os distintos departamentos facilitarán os materiais didácticos para as actividades formativas do alumnado.

A titora ou titor (ou persoa que se designe) entregará o material de traballo ás profesoras ou profesores responsables da aula para que estes poidan atender á alumna ou alumno, segundo o establecido na resolución de derivación, cando chegue.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que unha alumna ou alumno sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantizando, en todo caso, o trámite de audiencia ás nais, pais, titoras ou titores.

Creamos este lugar, que será un espazo físico para a reflexión, como unha alternativa á expulsión de aula ou do centro e configurándose como unha resposta pacífica e resolutiva aos conflitos. Basicamente cumpre dúas funcións:

1. Atender ao alumnado que non pode permanecer na súa aula por se ver envolto nun conflito (con compañeiras/os ou profesorado), feito que se reflectirá nun informe.
2. Derivar a persoa ou problema a outra instancia resolutiva de conflito do centro, (enténdese pois que se esgotaron outras medidas máis ordinarias e que se seguiría un protocolo de actuación).

Esta/s alumna/s ou alumno/s estaría/n atendido/s un número de horas a determinar pola titora/titor, previa información á Xefatura de Estudos, segundo a disposición horaria do profesorado e dos membros do Equipo Directivo e de Orientación, nun espazo adecuado.

### **MEDIACIÓN.**

Segundo o mesmo decreto en relación coa mediación escolar, diremos que:





1. A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas.
2. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da Comunidade Educativa.
3. O plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara a mediación.
4. Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada polo alumnado do centro educativo que tivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

Entendemos a mediación como un servizo educativo que intervén nos conflitos axudando a que as partes implicadas cheguen elas mesmas a un acordo.

Un mediador é unha persoa coa que se intenta que as posicións dos implicados cheguen a un acordo satisfactorio. Como centro de primaria que somos, esta figura será un adulto, e como a orientadora ou orientador do centro actúa como dinamizador da convivencia será o primeiro candidato a exercer como tal ante un conflito entre calquera membro da Comunidade Educativa.

**O protocolo a seguir para utilizar este servizo será:**

1. Calquera membro da Comunidade Educativa pode solicitar os servizos do mediador.
2. Serán obxecto de mediación todas as cuestións que afecten á convivencia dos membros da Comunidade Educativa.
3. As solicitudes do servizo de mediación presentaranse ante a Xefatura de Estudos ou Dirección e, no caso do alumnado, ante a titora/titor. Nese momento indicárase o motivo da mediación así como todos os datos necesarios para levala a cabo.
4. Ante un problema entre o alumnado, calquera profesora/profesor poderá, con coñecemento da titora/titor ou titoras/titores, mandar ao alumnado afectados ante o mediador.



5. Na fase previa (premediación) crearanse as condicións que facilitan o acceso á mediación. Nela fálase coas partes por separado, explícase o proceso a seguir e solicítase o seu consentimento para acudir á mediación.
6. Do acordo alcanzado entre as partes darase conta á titora/titor ou titoras/titores do alumnado para o seguimento do cumprimento.
7. Ao remate da intervención, o mediador fará un informe no que figurarán, entre outras cousas, os acordos aos que chegaron as partes. Recollerá tamén a forma na que se vai realizar o seguimento dos acordos alcanzados.

### **EDUCAR NA COMPETENCIA EMOCIONAL.**

Debemos comprender as emocións dos nenos/as para comprender as súas reaccións e condutas e así empatizar con eles. Os aspectos emocionais xogan un papel esencial na vida e constitúen a base para a formación da personalidade. Unha axeitada competencia emocional reduce considerablemente a aparición de conflitos.

Para ser competentes emocionalmente, debemos de ensinar ao alumnado a coñecer conceptos, como:

- Conciencia emocional: implica tomar conciencia das propias emocións e sentimentos e tamén conciencia das emocións dos demais.
- Regulación emocional: como a capacidade para regular os impulsos, canalizar as emocións desagradables, tolerar a frustración e saber esperar as gratificacións. Empregar estratexias de autorregulación emocional (diálogo interno, relaxación, autoinstrución...).
- Autonomía persoal: dende moi pequenos, cando entran no colexio debemos potenciar a autonomía persoal, cunha actitude positiva ante calquera situación dende a responsabilidade como factor inherente a todo o proceso de aprendizaxe a través do autoconceito para chegar a unha adecuada conformación da autoestima..

### **5.3. INTERVENCIÓNS: PREVENCIÓN E MELLORA.**

Baseándonos no **DECRETO 8/2015 de 8 de xaneiro** cando falamos de condutas disruptivas estámonos a referir ás situacións de aula nas que unha ou unhas poucas alumnas/alumnos impiden co seu comportamento o desenvolvemento normal da clase:



levantarse do sitio sen pedir permiso, non traer materiais á clase, non querer seguir coa tarefa, molestar a compañeiras/os, etc.

### **PAUTAS QUE NOS AXUDAN A PREVIR A DISRUPCIÓN:**

1. Utilizar reforzos positivos (eloxios verbais e de mirada, recoñecemento do traballo, ánimo, proximidade corporal,...).
2. Levar a clase organizada, levar un guión ¿que se vai traballar? ¿con que material? ¿como se vai avaliar?.
3. Organizar adecuadamente os espazos para desenvolver a tarefa programada.
4. Utilizar as quendas de palabra para participar (aprender a escoitar).
5. Cambio de actividade. Reconsideración da aula.
6. Informar e, a ser posible, negociar a proposta metodolóxica.
7. Manter boas relacións interpersoais co alumnado.
8. Efectuar xestos e miradas que indiquen a conduta desexada.
9. Realizar indicacións centradas na tarefa, non tanto na persoa.
10. Silencio do profesorado ante a dispersión da aula.
11. Chamar a atención de forma seria e breve.
12. Utilizar o humor, non o sarcasmo.
13. Explicitar de forma breve as consecuencias derivadas da conduta inadecuada.
14. Utilizar diferentes metodoloxías para atender aos diferentes estilos de aprendizaxe.
15. Supervisar e controlar posibles desaxustes antes de que aconteza, estar moi atento.
16. Promover a cooperación.
17. Utilizar diversas estratexias de avaliación.
18. Recurso de control: caderno ou Axenda da alumna/o, para control do traballo e sobre todo para transmitir información ás nais/pais que terá que vir asinada.
19. Cambiar de sitio.
20. Retirar da zona ou das persoas que reforzan a mala conduta.
21. Falar ca alumna/o á parte ao finalizar a clase. Breve charla individual.
22. Expoñer en privado as dificultades e as necesidades que hai que cumprir.
23. Perda do recreo.
24. Facer un contrato.



25. Poñer unha nota á familia coas dificultades que están a aparecer.
26. Falar coa familia.
27. Corrección persoal para reflexionar ou recuperar a materia.
28. Facer un parte (amoestación).
29. Expulsar da aula.

E como condutas do profesorado que poden favorecer a disrupción sinalaremos:

1. Non chegar a tempo.
2. Saír antes.
3. Falta de respecto ao alumnado.
4. Non levar a clase preparada.
5. Non propiciar participación.
6. Magnificar os fracasos do alumnado.
7. Invisibilidade do éxito.
8. Falar polo móbil.
9. Non escoitar.
10. Non ser obxectivo ao resolver conflitos.
11. Non pedir nunca desculpas.
12. Non chamar os nenos/as polo seu nome.
13. Ter o alumnado na mesma disposición todos os períodos lectivos.

### **ACTUACIÓN ANTE UNHA CONDUTA DISRUPTIVA GRAVE.**

Cando unha alumna/o non debe continuar en clase porque o seu comportamento impide o axeitado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe procederáse do seguinte modo:

1. A alumna ou alumno irá á aula de convivencia acompañado doutra profesora ou profesor se así o determina a Dirección.
2. É condición para que a alumna ou alumno abandone a aula que a profesora ou profesor lle entregue o traballo académico para realizar.
3. Na citada dependencia a profesora ou profesor de garda reflexionará coa alumna ou alumno sobre o acontecido buscando un compromiso de cambio e enviará á alumna ou alumno, ao seu criterio, á aula ordinaria ou continuará na aula de convivencia.



4. O alumnado traerá asinado de casa o seguinte día lectivo unha nota que lle dará á titora/titor.
5. Unha vez asinado será entregado á Xefatura de Estudos.
6. Aplicaranse as medidas correctoras que procedan ao caso por quen corresponda.

**INTERVENCIONS: PREVENCIÓN E MELLORA.**

A.- Intervencións sobre o centro como espazo físico e na súa organización.

OBXECTIVOS PRETENDIDOS.	ACTUACIONES A REALIZAR
1. Avaliar de forma permanente as necesidades de convivencia e introducir no centro as modificacións oportunas que faciliten o control da disciplina.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia realizarán unha avaliación sobre horarios, distribución das clases, alumnado, organización de gardas, proceso de matrícula...</li> </ul>
2. Necesidade de unificar e clarificar todos os protocolos e normas de control e vixilancia sobre o alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O Equipo Directivo, a Comisión de Convivencia e o profesorado promoverán o uso sistemático dos protocolos e normas do centro: entradas, saídas, recreos, corredores, etc.</li> </ul>
3. Informar sobre as Normas de Organización Funcionamento e Convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informar ao alumnado e as familias, ao comezo do curso, sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran nas N.O.F.C. (circulares informativas, sobre normas de funcionamento, calendario, coidado das instalacións,...)</li> </ul>
4. Favorecer a idea de centro cunha Comunidade Educativa dinámica, que traballe de forma conxunta e coordinada polos obxectivos que o centro se propoña cada ano.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O Equipo Directivo informará ao novo profesorado (ou na intranet).</li> <li>• Garantir dende o Equipo Directivo e todos os órganos ao inicio do curso as rutinas de funcionamento: portas</li> </ul>



	<p>cerradas, documentos de horario, partes, xustificación de faltas, gardas, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Incluir todos os anos no Plan Anual obxectivos de mellora da convivencia e de organización e infraestrutura do centro.</li> <li>• Incluir nas reunións de coordinación e avaliación un punto obrigatorio de valoración e toma de acordos sobre convivencia.</li> </ul>
5. Contribuír á mellora da conduta das alumnas/os reincidentes dende a estrutura dun "espazo de convivencia".	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organizar un espazo físico para a reflexión que temporalmente acolla ao alumnado para intentar que adquiran habilidades sociais. A/s alumna/a ou alumno/s estaría/n atendido/s un número de horas a determinar pola titora/titor, previa información á Xefatura de Estudos, segundo a disposición horaria do profesorado e dos membros do Equipo Directivo e de orientación, nun espazo adecuado.</li> </ul>
6. Contribuír a que o patio sexa un espazo de convivencia agradable e educativo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organizar os espazos no patio para os xogos.</li> </ul>

**B.- Intervencións dende os diferentes órganos de xestión e coordinación do centro:**

OBXECTIVOS PRETENDIDOS.	ACTUACIÓNS A REALIZAR
1. Promover o Plan de Convivencia que se deseñe para que seu desenvolvemento contribúa a mellorar os niveis de comunicación, coordinación e	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento e seguimento dos acordos recollidos no Plan de Convivencia por parte da Comisión de Mellora da Convivencia.</li> </ul>





colaboración entre o profesorado.	
2. Contribuír dende o Plan de Acción Titorial á mellora da convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incluír no P.A.T. actividades de mellora da convivencia.</li> <li>• Realizar programas de elaboración de normas, de participación do alumnado na xestión da aula...</li> <li>• Crear climas de confianza, seguridade, comprensión, tranquilidade, recoñecemento.</li> <li>• Ensinar ao alumnado a coñecer conceptos, como:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Conciencia emocional</li> <li>○ Regulación emocional</li> <li>○ Autonomía persoal</li> </ul> </li> <li>• Participar nas actividades que promova a comisión de convivencia e que vaian dirixidas ao seu alumnado.</li> </ul>

**C.- Intervencións para introducir melloras dirixidas ao profesorado.**

OBXECTIVOS PRETENDIDOS.	ACTUACIÓNS A REALIZAR
1. Promover entre todo o profesorado unha actitude de participación comunitaria na vida e convivencia do centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organizar unhas actividades de acollida ao inicio de curso para os novos.</li> <li>• Explicar ao profesorado novo o uso da WEB e da Intranet do centro.</li> </ul>

**D.- Intervencións para introducir melloras dirixidas ao alumnado.**

OBXECTIVOS PRETENDIDOS.	ACTUACIÓNS A REALIZAR
1. Promover programas de interculturalidade.	• A través dos distintos departamentos, realizaremos actividades para vivir e



	compartir os valores de distintas culturas.
2. Promover a adquisición de valores de convivencia entre o alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducir nos programas curriculares os temas transversais adecuados: Os dereitos humanos, valores de tolerancia e respecto intercultural...</li> <li>• Celebración de datas: Día da Paz, do Medio Ambiente...</li> </ul>
3. Atender as necesidades do alumnado con dificultades de adaptación á convivencia do centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunión das titoras/titores coa Xefa/Xefe de Estudos, Orientadora/Orientador para programar a atención do alumnado reincidente, para alumnado en situación de acoso ou acosadores.</li> </ul>

**E.- Intervencións dirixidas ás familias.**

<b>OBXECTIVOS PRETENDIDOS.</b>	<b>ACTUACIÓNS A REALIZAR</b>
1. Promover as relacións familia-centro que contribúan a unha mellora destas situacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relacións titoría-familia, facilitando oportunidades de contacto.</li> <li>• Colaboración do Departamento de Orientación na Orientación Familiar, con actuacións como:             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Colaboración na acollida inicial ás familias.</li> <li>○ Asesoramento individualizado ás familias sempre que o soliciten.</li> <li>○ Mediación familia-escola.</li> <li>○ Apoio nas entrevistas familia-titoras/titores, P.T. e A.L.</li> <li>○ Coordinación P.T. e A.L., dentro da atención á diversidade.</li> </ul> </li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potenciar a presenza na WEB do centro de temas dirixidos ás familias.</li> <li>• Potenciar a participación da ANPA: actividades extraescolares, comedor.</li> <li>• Incluír na revista do centro algún artigo dirixido ao asesoramento e formación das familias.</li> <li>• Trimestralmente dende a Biblioteca recomendar libros axeitados ás familias.</li> </ul>
--	---

**F.- Actuacións para contribuír a unha mellor coordinación co entorno e as súas institucións.**

OBXECTIVOS PRETENDIDOS.	ACTUACIONES A REALIZAR
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Compartir co alumnado doutros centros, actividades programadas polo Concello.</li> <li>2. Saber comportarse en actividades de gran grupo, fóra do centro.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar en actividades programadas polo Concello, asociacións, e todas aquelas que consideren as titoras/titores.</li> </ul>
<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Colaborar cos Servizos Sociais do Concello.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O Departamento de Orientación convocará reunións cos Servizos Sociais do Concello, nos casos de desamparo, negligencia e malos tratos no entorno familiar, así como cando existan casos graves de absentismo.</li> </ul>

**6.- CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E**



## DOS PROCEDIMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	PROCEDIMENTOS
Titorías e clima de clase positivo.	Titoras/Titores Departamento de Orientación	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización da aula e o colexio.</li> <li>- Programas de educación emocional e resolución de conflitos.</li> <li>- Fomento das boas relacións interpersoais a nivel de aula.</li> <li>- Pescuda de espazos e tempos para a convivencia.</li> </ul>
Potenciación da Acción Titorial	Titoras/Titores Profesorado Departamento de Orientación	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Titora/Titor como mediador.</li> <li>- Espazos e tempos para a coordinación.</li> <li>- Revisión do Plan de Acción titorial.</li> </ul>
Implicación dos sectores da Comunidade Educativa.	Departamento de Orientación	Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración coa ANPA.</li> <li>- Asesoramento do Departamento de Orientación ás familias.</li> </ul>
Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.	Equipo Directivo	Alumnado Profesorado Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación das normas de organización e funcionamento establecidas.</li> </ul>
Orientación individualizada.	Departamento de Orientación	Alumnado Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Intervención individualizada da</li> </ul>



			orientadora/orientador.
Aula de Convivencia Inclusiva.	Equipo Directivo Departamento de Orientación Titoras/Titores	Alumnado	- Atención do alumnado envolto nun conflito.
Mediación.	Equipo Directivo Departamento de Orientación Titoras/Titores	Alumnado	- Axuda entre as partes implicadas nun conflito para que cheguen a un acordo.
Educar na competencia emocional.	Departamento de Orientación Profesorado	Alumnado	- Ensino de conceptos como: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Conciencia emocional.</li> <li>○ Regulación emocional.</li> <li>○ Autonomía persoal.</li> </ul>

## 7.- PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

(Ver ANEXO I)

## 8.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, ASÍ COMO UN PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN OU AO INCUMPRIMENTO DESTAS.

A convivencia no centro implica o respecto a todas as persoas que integran a Comunidade Educativa, por iso temos que facer gardar unhas normas básicas nas que



prime a autorresponsabilidade e o compromiso mutuo de respectar e garantir as dos outros.

Todos as profesoras e todos os profesores responsabilizaranse do cumprimento das normas de convivencia do centro.

## 8.1.- NORMAS XERAIS PARA O ALUMNADO.

### - A asistencia e a puntualidade:

1. Asistimos con puntualidade a clase.
2. Presentamos a xustificación de faltas de asistencia asinada polas nosas nais ou pais ou representantes legais nun prazo non superior a catro días naturais posteriores ao día da falta.
3. Permanecemos no recinto escolar e non o abandonamos sen a compañía da nosa nai/pai, titora/titor legal ou persoa debidamente autorizada e sen cumprimentar o documento que o centro escolar ten ao efecto.
4. En horario de recreo permanecemos ou subiremos ás aulas sempre en compañía dunha profesora ou profesor.

### - Coidado das instalacións e do material escolar:

5. Coidamos o material propio e o das demais compañeiras/compañeiros.
6. Pedimos permiso a outras compañeiras/compañeiros para utilizar o seu material.
7. Colaboramos para que non se produzan roubos dos bens do centro e dos seus integrantes.
8. Coidamos as instalacións do centro: mantemos a clase limpa, as mesas colocadas, utilizamos as papeleiras, evitamos as pintadas, raias e danos en mesas, cadeiras e paredes da aula, corredores, cuartos de baño, instalacións deportivas, equipos informáticos e patio.
9. Coidamos os documentos escolares (boletíns de cualificacións, autorizacións de actividades extraescolares, parte de faltas de asistencia, comunicacións, amoestacións escritas, etc.) e traémolos asinados polas nosas nais ou pais cando sexa preciso.

### - Desenvolvemento da actividade escolar:

10. Esperamos ao profesorado dentro da aula, co material sobre a mesa e coa clase ordenada.



11. Atendemos ás explicacións, preguntamos o que non entendemos, participamos en clase e respectamos as ideas dos demais.
  12. Gardamos a debida compostura, silencio e respecto en clase para permitir un desenvolvemento correcto da actividade académica.
  13. Polos corredores e nas entradas e saídas imos tranquilos, sen correr nin dar berros.
  14. Traemos as tarefas feitas de casa, entregamos os traballos na data indicada e realizamos as actividades que se formulen en clase.
  15. Traemos o material escolar necesario para o desenvolvemento das tarefas na aula.
  16. Cumprimos as normas establecidas en cada unha das actividades extraescolares e complementarias.
  17. Cumprimos as sancións impostas por profesoras/profesores, titoras/titores, Xefatura de Estudos ou Directora/Director.
- **As relacións co profesorado, compañeiras/compañeiros e demais membros da Comunidade Escolar:**
18. Dirixímonos a todos os membros da Comunidade Escolar con respecto, sen insultar, acosar ou mostrar actitudes de superioridade.
  19. Tratamos con respecto ao profesorado e escoitámoslos cando explican e se dirixen a nós.
  20. Obedecemos ao profesorado e ao persoal non docente e seguimos as súas indicacións.
  21. Utilizamos o diálogo en caso de conflito e evitamos as agresións físicas e verbais.
  22. Comunicamos ao persoal non docente, profesorado ou membros do equipo directivo calquera incidente contrario ás normas de convivencia do centro do que teñamos coñecemento.
  23. Evitamos os xogos ou actividades violentas.
- **A saúde e a hixiene:**
24. Vimos limpos e aseados ao centro e coa roupa axeitada.
  25. En educación física traemos o chándal e calzado deportivo.

*Este é un pequeno resumo, nas N.O.F.C, no apartado 12º, están redactadas todas as normas que rexen a convivencia no C.E.I.P Plurilingüe de Palmeira.*



## **8.2.- DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.**

### **8.2.1.- DEREITOS.**

As nais/pais ou as titoras ou titores en relación coa educación das súas fillas ou fillos, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da Comunidade Educativa.
- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa das súas fillas ou fillos ou pupilas ou pupilos, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia das súas fillas ou fillos ou pupilas ou pupilos.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

### **8.2.2.- DEBERES**

As nais, pais ou representantes legais das alumnas e alumnos teñen pleno dereito a participaren na vida do Centro. Para exercer este dereito deben:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da Comunidade Educativa.
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia das súas fillas ou fillos.
- Xustificar as faltas de asistencia e puntualidade.





- Comunicar ao centro calquera doenza que sufra o alumnado que poida causar contaxio nos demais membros da Comunidade Educativa.
- Non enviar á alumna ou alumno ao centro en caso de doenza ou indisposición que lle impida o normal desenvolvemento das actividades.

### **8.3.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO**

#### **8.3.1.- DEREITOS**

Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a respectar os dereitos que se establecen na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

#### **8.3.2.- DEBERES**

Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados ao respecto dos deberes que se establecen na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa, na cal se basea a enumeración destes deberes:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito das súas compañeiras ou compañeiros á educación.
- Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.



- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da Comunidade Educativa.
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

## **8.4.- DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO**

### **8.4.1.- DEREITOS**

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa, recoñécelle ao profesorado os seguintes dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da Comunidade Educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

### **8.4.2.- DEBERES**



A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa, obriga a respectar os seguintes deberes:

- Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva esixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

## **8.5.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

### **8.5.1.- DEREITOS**

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da Comunidade Educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.



### **8.5.2.- DEBERES**

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva esixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

### **8.6.- PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN OU AO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.**

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da Comunidade Escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.



Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Para o caso de alumnado menor de idade, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

## 9.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO

### 9.1.- CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

- As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:
  - a) **Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia.**
  - b) **Conductas leves contrarias á convivencia.**
- De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase **acoso escolar** calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dunha alumna ou alumno por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a Dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da Comunidade Educativa, deberao pór en coñecemento da



Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

## **9.2.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PREJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

Son condutas gravemente prejudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da Comunidade Educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da Comunidade Educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da Comunidade Educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da Comunidade Educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prejudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da Comunidade Educativa. En



todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

### **9.2.1.- MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS**

- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:
  - a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
  - b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
  - c) Cambio de grupo.
  - d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
  - e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
  - f) Cambio de centro.
- Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da Comunidade Educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f).

#### **9.2.1.1.- A proposta de cambio de centro**

- A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.



- Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.
- A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
- Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da Dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a Dirección deberá comprobar que se compren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á Xefatura Territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.
- A Xefa ou o Xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

### **9.2.2.- APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS**

- A Dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no apartado 9.2.1 de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
- Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

### **9.3.- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:





- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da Comunidade Educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia deste centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

### **9.3.1.- MEDIDAS CORRECTORAS**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de



realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **9.3.2.- RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS**

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do apartado 9.3.1.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do apartado 9.3.1.
- c) A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, ou a persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do apartado 9.3.1.
- d) A persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do apartado 9.3.1. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

### **9.3.3.- SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS**

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do apartado 9.3.1 ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no **prazo de dous días lectivos**, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.



2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no apartado 9.3.1, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

## **10.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.**

*(Regulado polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de convivencia escolar).*

A Comisión de Convivencia de cada centro constituirase no seo do seu Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

### **10.1.- COMPOSICIÓN:**

- A Directora ou director, que será a súa presidenta.
- A Xefa ou Xefe de Estudos.
- A Orientadora ou orientador.
- Dúas mestras/es elixidos polo Claustro.
- Dous representantes das nais/pais de alumnas/alumnos (un deles proposto pola ANPA).
- Un representante do persoal de administración e servizos.

### **10.2.- FUNCIONES.**

A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes **funcións**:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da Comunidade Educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da Comunidade Educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.



- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da Comunidade Educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### **10.3.- FUNCIONAMENTO E PLAN DE REUNIÓNS.**

A Comisión de Convivencia realizará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

As reunións faranse previa convocatoria da directora ou director e con 48 horas mínimo de antelación, salvo caso urxente, convocaranse preferiblemente ao finalizar cada trimestre. Nestas reunións, entre outras cuestións, revisaranse as actuacións levadas a cabo para beneficiar a consecución dos obxectivos do Plan. Tamén convocarase reunión sempre que o pidan por escrito e con orde do día 1/3 dos compoñentes.

Das mencionadas reunións levantarase acta. Para tal fin, a directora ou director nomeará como secretaria/o da mesma un das mestras/es membros da comisión con menor idade.



## 11.- TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O presente Plan de Convivencia elabórase para desenvolverse ao longo dun curso académico, concretando anualmente as actividades a realizar e levándose a cabo tendo en conta as necesidades que se detecten ao longo do mesmo.

Os **RECURSOS HUMANOS** serán fundamentalmente todo o profesorado do centro, xa que as accións que no mesmo se enmarcan son competencia de todo o equipo docente, pero non só destes senón de toda a Comunidade Educativa. O dinamizador de dito Plan de Convivencia será a Orientadora ou orientador do centro e a Comisión actuará como elemento indispensable de cumprir a función de velar polo bo clima de convivencia no centro.

En canto aos **RECURSOS MATERIAIS** dispoñibles no centro, citaremos os seguintes como base para o desenvolvemento axeitado do mesmo:

- **Páxina WEB do Plan galego da convivencia escolar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:**

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>.

[http://www.edu.xunta.gal/portal/esligualdade\(coeducación\)](http://www.edu.xunta.gal/portal/esligualdade(coeducación))

- **Resolución de conflitos y convivencia:**

[http://www.educastur.princast.es/cpr/aviles/asesorias/diversidad/Accion\\_Tutorial\\_Conviviencia.htm](http://www.educastur.princast.es/cpr/aviles/asesorias/diversidad/Accion_Tutorial_Conviviencia.htm)

- **Libros:**

- “Maltrato entre iguais”- Non fagas caso co Maltrato. Programa de Sensibilización familia, alumnado e profesorado. Xunta de Galicia.
- Alumnado con problemas de conduta. Xunta de Galicia.
- ¡Lo quiero ahora!. Cómo tratar a impaciencia, a frustración e as rabechas de Heike Baum. Ed ONIRO.
- Ratones, Dragones y Seres humanos auténticos de E. Manuel García Pérez e Ángela Magaz Ago. Grupo ALBOR-COHS.



- Escala de Evaluación de la ASERTIVIDAD. ADCA-1 de E.Manuel García Pérez e Angela Magaz Ago. Departamento de Investigación e Estudos de Equipo Albor de PSICOLOGÍA. Ed. CEPE.
  - Con- vivir vivir –con. Xunta de Galicia.
  - Había unha vez...Unha tortuga. "A autoestima" de Ángeles Páez López e Nazaret Cantero Muñoz. Ed. CEPE.
  - Aprendendo a previr a violencia de xénero. Xunta de Galicia.
  - Colección de cuentos infantiles de Franklin. Ed. Bruño.
  - Prevención da violencia e resolución de conflitos de Isabel Fernández. Ed Narcea.
  - Valores para a convivencia. De Esteve Pujol i Pons e Ines Luz González . Ed. Parragón.
  - Como promover la convivencia Monjas Casares, M<sup>a</sup> Inés (2009). Programa de Asertividad y Habilidades Sociales (PAHS): Madrid. Editorial CEPE.
  - Relacionarnos bien. Segura Morales, Manuel; Arcas, Margarita (2004). Madrid. Ed. Narcea. Programa de competencia social de 4 a 12 años".
- **Outros materiais para o traballo na aula:**
    - Kit-caixavalores. Fundación A Caixa. (Identidade – Convivencia - Responsabilidade), dispoñible no C.F.R. da zona.
    - Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais." Non fagas trato co mao trato". Materiais do alumno. Xunta de Galicia.
    - Programa Sentir e Pensar. (para Educación Infantil).
    - Programa de Solución de conflitos interpersonales I, II, III de Antonio Vallés. Ed. EOS.
    - ESCEPI. Programa de enseñanza de habilidades Sociales e Educación de valores para a convivencia. Grupo AOBOR-COHS.
    - Colección de libros e DVD "Manual de Super Nani": Hábitos, Límites, tempo de calidade, o entorno, a escolarización. Editados por o País e Cuatro.



- La tutoría en la educación primaria. Manual . Aracoi Angulo Vargas. Ed. Praxis.
- Guía para a convivencia en el aula. Isabo Fernández García. Ed. CISS PRAXIS. Monografías Escuela Española.
- Estrategias para crear un ambiente tranquilo en la clase. Actividades y técnicas en Educación Infantil. Carme Rosanas. CEAC Ediciones.
- Propuestas de intervención en el aula. Técnicas para lograr un clima favorable en la clase. M<sup>a</sup> T. Gómez, V. Mir, M<sup>a</sup> G. Serrats. Ed. Narcea.
- Modificación da conduta problemática do alumno .Técnicas e programas. Antonio Vallés Arándiga. Ed. Marfil.
- Conductas agresivas en la edad escolar. Fuensanta Cerezo Ramírez. Ed. Pirámide.
- Habilidades sociales. Antonio Vaolés Arándiga. Ed. Marfil.
- Las habilidades sociales en la escuela 1 e 2. M<sup>a</sup> Mercedes Martínez López. Ed. Promolibro.
- Educar para convivir. Material elaborado polo Departamento de Orientación.

• **Contos:**

- Bucay, Jorge (2002). *Cuentos para pensar*. Barcelona: RBA. Editores.
- Bucay, Jorge (2002). *Déjame que te cuente*. Barcelona: RBA. Editores.
- Conangla, M. M.; Soler, J. (2005) *Aplicáte el cuento: relatos de ecología emocional*. Barcelona. Amat Editorial.
- Fisher, Robert (2001). *El caballero de la armadura oxidada* Barcelona: Ed. Laertes.
- Grad, M. (1997) *La princesa que creía en los cuentos de hadas*. Barcelona: Ed. Laertes.
- Johnson, Spencer (2002). *Mi minuto esencial*. Barcelona: De Bolsillo.
- Johnson, S (2001) *¿Quién se ha llevado mi queso? : una manera sorprendente de afrontar el cambio en el trabajo y en la vida privada*. Barcelona: Urano.
- Rovira, Àlex. (2003). *La brújula interior*. Barcelona: Empresa Activa, Ed. Urano.



- Rovira, Àlex; Trias de Bes, F. (2004). *La buena suerte*. Barcelona: Empresa Activa, Ed. Urano.
- Rovira, Àlex. (2006). *Los siete poderes*. Barcelona: Empresa Activa, Ed. Urano.
- Ibarrola, B. (2003). *Cuentos para sentir. Educar los sentimientos*. Madrid: SM.
- Baum, H:
  - *¿Está la abuelita en el cielo? Cómo tratar la muerte y la tristeza.*
  - *¡Con ése no quiero jugar! Cómo tratar el rechazo y la discriminación.*
  - *¡No he dicho ninguna mentira! Cómo tratar la mentira y la verdad.*
  - *¡Estoy furioso! Cómo tratar la cólera y la agresividad.*
  - *¡Mamá siempre me está molestando! Cómo tratar los celos y las peleas entre hermanos.*
  - *¡Lo quiero ahora! Cómo tratar la impaciencia, la frustración y las rabietas.*
  - *¡No apagues la luz! Cómo tratar el miedo y la inseguridad.*
  - *¡Sentado me aburro! Cómo tratar la hiperactividad y la falta de atención.*

## 12.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

As reunións semanais que se realizan os martes e nas que participa todo o profesorado permiten traballar sobre a convivencia no centro e a coordinación entre todo o profesorado. As reunións periódicas entre as titoras ou titores e orientadora ou orientador co alumnado e as familias tamén mellora esta situación. Ademais a Comisión de Convivencia. realizará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario.

### Coordinacións coas familias:





Estableceranse contactos coas familias do alumnado para responder as posibles demandas que poidan xurdir e ante os problemas de conduta e disciplina no alumnado. As familias estarán debidamente informadas sobre todos os procesos.

**Coordinacións con outros organismos, centros e institucións:**

Colaborarase e coordinarase con outras entidades, organismos e institucións para por en marcha campañas de información e sensibilización sobre a convivencia, o acoso, etc. Así colaborarase co Concello, Servizos Sociais do Concello, Consellería, CAFI, Equipo de Orientación Específico, etc.

### 13.- ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Equipo Directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa Comunidade Educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na Comunidade Educativa.

Para a difusión do Plan de Convivencia usaranse as seguintes canles:

- Consello Escolar
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura do Concello.
- ANPA.

E para levar a cabo esta difusión utilizaranse os seguintes medios:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo titorial, asembleas..
- Folletos, trípticos.
- Paneis informativos, carteis.
- Páxina web do colexio.

Os momentos clave para facer esta difusión serán:



- Ao principio de curso: informarase da concreción anual do plan de convivencia para o curso e de puntos importantes do mesmo (obxectivos e plan que se vai a seguir).
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...
- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de melloras, compromisos e plan para o seguinte curso.
- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións. Proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso. Reunións con distintos estamentos...).

## 14.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Para avaliar o Plan de Convivencia tomarase como referente as actuacións marcadas. Nos recursos sinalaremos todo o que nos pode ser útil (documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos,...) propios ou alleos ao noso alcance. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

- **A nivel centro:**

A comezos de cada curso escolar, informarase, sobre todo ao profesorado de nova incorporación, do Plan de Convivencia. Tamén nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, farase un seguimento trimestral do Plan, nestas reunións a xefa/e de estudos, informará se houbo incidencias ao longo do trimestre e das medidas tomadas ao respecto. O resultado destas reunións farase extensivo á reunión trimestral da Comisión de Convivencia.

- **A nivel das familias:**

Nas reunións titoriais de comezos de cada curso escolar, cada titora ou titor informará, ás nais e pais das normas de convivencia do centro (todos os anos se lles manda dende a Dirección do centro un documento coas normas).

- **A nivel da Comisión de Convivencia:**



Ao final de cada curso académico realizarase unha valoración, baseándonos nas informacións trimestrais da Comisión de Convivencia do Centro, en base aos datos aportados dende á C.C.P. e informarase tamén ao Consello Escolar da situación da convivencia no centro, incorporando un informe sobre a convivencia á Memoria Anual de cada curso.

**Este Plan de Convivencia foi aprobado polo Claustro de Profesoras e Profesores e o Consello Escolar do C.E.I.P Plurilingüe de Palmeira o día 29 de xuño do 2020.**